



Obradoiros “Diálogos Ibéricos”

O Consorcio de Santiago e A Chocolataría pretenden xerar e difundir proxectos abertos a experimentación e difusión da creación contemporánea mais vangardista e experimental tendo en conta a necesidade de apoiar o arte emerxente dentro dun contexto Atlántico que exténdese moito mais lonxe do meramente xeográfico.

Seguindo este plantexamento inicial, o obxectivo dos obradoiros é crear unha experiencia de intercambio entre artistas galegos e artistas portugueses. Trátase de fomentar un diálogo que traspase a fronteira (que hoxe xa existe só como un límite inmaterial) nun campo, a arte, no que historicamente non se deu o mesmo contacto que se produce noutros ámbitos culturais e económicos.

O proxecto intégrase coa intención de xerar un achegamento entre Galicia e Portugal, no ámbito da arte e a creación contemporánea co obxectivo de, coa súa xuntanza, convertelo en internacional. O intercambio facilita deste xeito a divulgación e a promoción tanto da arte portuguesa en Galicia, como da arte galega en Portugal.

Mediante o diálogo e a convivencia nos obradoiros os artistas poderán achegarse tanto a diferentes ideas e conceptos artísticos, como a diversas técnicas e formas de traballar que levan a cabo os artistas portugueses. Todos eles teñen unha demostrada e longa experiencia internacional, representando un amplo espectro de experiencias artísticas que van dende a arte sonora, ata a fotografía ou a pintura. Estas linguaxes conforman discursos artísticos, significativamente ligados os talleres de creación, incorporados a un número moi limitado de programacións culturais.

Por outra banda, dada a incidencia das novas tecnoloxías na arte actual, o mestizaxe e a interdisciplinaridade da creación está a requirir novas fórmulas de presentación e difusión. As posibilidades de experimentación e investigación para o creador están garantidas con proxectos de estas características; situación, sumamente interesante se temos en conta que as vías tradicionais -tanto de formación como de difusión- plantexan numerosos problemas.

Promovido polo Consorcio de Santiago

Organiza A Chocolataría

Dirección: Concha Fontenla

Coordinación: Paulo Reis

Organización: Antonio Cervera

Montaxe: Irene Cervera

Secretaría: Aránzazu Pérez e Clara Rodríguez

Cronograma

Pedro Tudela

2, 3 e 4 de Outubro

Obradoiro de escultura e medios audiovisuais, especialmente de arte sonoro, medio no que Pedro Tudela leva anos destacando.

Daniel Blaufuks

23, 24 e 25 de Outubro

Obradoiro centrado nos conceptos e nas técnicas fotográficas que Daniel Blaufuks leva tratando ao longo da súa traxectoria como artista, e que se achegan ao vídeo e ao cine.

Antonio Oláio

6, 7 e 8 de Novembro

Obradoiro de pintura e palabra e súa relación directa coa performance, así como a consecución da imaxe a través dunha imaxe previa, mental.

Ângela Ferreira

20, 21 e 22 de Novembro

Obradoiro de escultura, entendida como actividade multidisciplinar e baseada en conceptos e posicionamentos críticos e reflexivos da modernidad.

Catarina Campino

11, 12 e 13 de Decembro

Obradoiro de vídeo e de teoría da arte, centrada especialmente no audiovisual, na performance e no simulacro.

Pedro Calapez

18, 19 e 20 de Decembro

Obradoiro sobre o obxecto pintura e súa especificidade e medio serán conceptos presentes no obradoiro, en tanto que están presentes na obra desta artista.

Horario

Luns, Martes e Mércores de 10,00 a 14,00 h. e de 16,00 a 20,00 h.

Total 24 h lectivas.

Participantes

Cada obradoiro contará con 15 participantes que serán seleccionados polos propios artistas portugueses.

Esixirase estudos de Belas Artes, Artes e Oficios ou similares e/ou certa traxectoria artística.

Preinscripción

Deberase enviar por correo electrónico currículo e/ou dossier de artista, con especificación do/-s obradoiro/-s nos que se está interesado en participar.

